

A IGUALDADE
,
ESTÁ DE
FESTA!

*Procedemento de prevención
das violencias de xénero nas
festas da Universidade de Vigo*





Os espazos das festas son lugares de relación, diversión e alegría dun xeito distinto ao ámbito diario e ordinario. Lamentablemente, as mulleres, como suxeitos historicamente dominados, aínda hoxe poden sufrir violencias machistas nestes contextos.

A Organización Mundial da Saúde (OMS) establece a seguinte definición de violencia sexual: «*Todo acto sexual, a tentativa de consumir un acto sexual, os comentarios ou insinuacións sexuais non desexados, ou as accións para comercializar ou utilizar de calquera outro xeito a sexualidade dunha persoa mediante coacción por outra persoa, independentemente da relación desta coa vítima, en calquera ámbito, incluídos o fogar ou o lugar de traballo*» (2011).

Considéranse violencias sexuais para a OMS o acoso verbal, a presión social, a intimidación, a forza física e a penetración (2013).

A definición teórica da violencia sexual e os actos que se asocian a ela non sempre atopan respostas no marco xurídico vixente. Por este motivo, neste protocolo indicamos as formas de agresión sexual constitutivas de delito, pero tamén sinalamos as que, sen selo, supoñen intromisións ilexítimas na liberdade sexual das mulleres.

No marco legal español, as violencias sexuais atópanse principalmente tipificadas no Código penal, así como nas lexislacións en materia de igualdade e nas leis de regulación das relacións laborais. A continuación, expoñemos só as tipificadas no Código penal:


A **agresión sexual** defínese no artigo 178 como os actos que atentan contra a liberdade sexual, mediante o uso da violencia ou da intimidación.

A **violación** (artigo 179 do Código penal) descríbese como unha agresión sexual agravada que consiste no acceso carnal por vía vaxinal, anal ou bucal, ou a introdución de membros corporais ou obxectos por algunha das dúas primeiras vías.

O **abuso sexual** (artigos 181 e 182 do Código penal) son comportamentos contra a integridade sexual realizados sen o uso da forza ou a intimidación e sen o consentimento da vítima. Tamén se consideran abusos sexuais non consentidos os actos de natureza sexual executados en maiores de 13 anos e menores de 16 mediante engano, en persoas que están privadas de sentido, abusando do seu trastorno mental ou os que se cometen anulando a vontade da vítima mediante o uso de fármacos, drogas ou substancias análogas.

Como condutas que atentan contra a dignidade das persoas: O **acoso sexual** (artigo 184 do Código penal) comprende os actos de contido sexual dirixidos a danar a integridade e a dignidade da vítima, no contexto dunha relación laboral, educativa ou mercantil.

VIOLENTÓMETRO



- Bromas ferintes*
- Chantaxear*
- Mentir/Enganar*
- Ignorar/Manifestar indiferenza*
- Celarse*
- Culpar*
- Descualificar*
- Ridiculizar/Ofender*
- Humillar en público*
- Intimidar/Ameazar*
- Controlar/Prohibir*
- Destruír obxectos persoais*
- Sobar*
- Caricias agresivas*
- Golpear «xogando»*
- Beliscar/Rabuñar*
- Empuxar/Dar tiróns*
- Dar moquetes*
- Patear*
- Espiar obsesivamente*
- Maltrato psicolóxico verbal instalado*
- Lesionar fisicamente*
- Provocar medo intenso*
- Encerrar/Illar*
- Ameazar de morte con obxectos e armas*
- Forzar a unha relación sexual*
- Abuso sexual*
- Violar*
- Mutilar*
- Morte*

COIDADADO!
Son síntomas de violencia e poden aumentar

ALERTA!
Estás vivindo unha vida con violencia

URXENTE! NECESITAS AXUDA

Tipos de agresións

1. Media e baixa intensidade: violencia verbal, miradas e comportamentos que incomodan, tocamientos corporais sen permiso, control, celos, ameazas, chantaxes...

Comentarios ofensivos e degradantes, abusos verbais, insultos, burlas, comentarios despectivos sobre a persoa, «piropos» non desexables que teñen por obxecto ridiculizar unha persoa ou un grupo. Xeitos non aceptados de contacto físico, tocamientos non desexados que incomodan, violentan ou non agradan a persoa que os padece. Exhibición de símbolos sexistas ofensivos.

- Pregúntalle á persoa acosada se está cómoda na festa.
- Se está incómoda pola actitude insistente ou acosadora doutra persoa, advírtese o presunto acosador. Ao segundo aviso, infórmanse os seus amigos para que o controlen; e ao terceiro aviso, expulsarase da festa (cómpre avisar o resto das voluntarias).
- Promover a expulsión do agresor do recinto festivo, pedirlle que se vaia. Se non fai caso, cómpre intentar reunir a maior xente posible para que se vaia. Avisarase en megafonía para que pare a música mentres esa persoa non abandone a festa.

2. Alta intensidade: golpes, malleiras, intento de violación, violación e asasinato. Abuso sexual e acoso sexual con vulnerabilidade química.

A persoa non se atopa en condicións de outorgar un consentimento válido; por iso, trátase do caso máis delicado. Achégate á persoa afectada e se ten unha falta grave de consciencia, avisa os seus amigos e amigas: asegúrate de que non queda soa nin marcha soa da festa.

Policía Local de Vigo
986 810 101

Polícia Local
092

Polícia Nacional
091

Garda Civil
062

Emerxencias Sanitarias
061

Emerxencias
112

Consultas sobre Violencia
de Xénero
060

Violencia de Xénero
Xunta de Galicia
016


Policía local Ourense
988391118

Urxencias sanitarias
Ourense
988 385 500
Rúa Saez Díez, 15
32003


Policía local Pontevedra
986 833 080

Urxencias sanitarias
Pontevedra
986 800 000
Loureiro Crespo, 2
36002

igualdade.xunta.gal/es/area-de-violencia-de-xenero



Folla de rexistro Puntos morados



Data:

Hora:

Nome da persoa voluntaria:

Idade da vítima:

Xénero:

- Muller
- Home
- Trans

- Non binario
- Outros

Modo de acceso á información:

Zona/Lugar da agresión:

Hora da agresión:

Derivación posterior:

Número de agresores:

Idade(s) estimada do(s) agresor(es):

O agresor é coñecido da vítima?

Tipo de agresión:

- Violencia sexual
- Violencia física
- Violencia verbal
- Acoso/Persecución

- Violencia de xénero
- Violencia contra o colectivo LGTB
- Outros

Descrición dos feitos:





